

Niveis de adquisición				
Indicadores de logro	En vías de adquisición (1 punto)	Adquirido (2 puntos)	Avanzado (3 puntos)	Excelente (4 puntos)
Expón oralmente, de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa unidade que manifesten a comprensión de textos orais e/ou escritos.	Explica os contidos da unidade de forma mecánica e repetitiva e precisa o apoio do libro.	Expón as súas aprendizaxes utilizando un soporte de apoio (diapositivas, caderno, imaxes) e desenvolve as ideas con orde e claridade.	Expón oralmente as súas aprendizaxes sobre o tema sen necesidade de apoio e cun vocabulario preciso; presta atención á orde e á expresión e responde preguntas dos seus compañeiros/as.	Deseña as súas exposicións, expón o que aprendeu relacionando o cos coñecementos previos; exprésase de maneira fluída, razoa os seus argumentos e pon exemplos partindo da súa experiencia.
Busca, selecciona e organiza a información sobre protección do medio ambiente, sobre o quecemento global e sobre o desenvolvemento sustentable. Realiza presentacións dos seus traballos.	Busca información en Internet e copia o seu contido sen analízalo nin efectuar ningún cambio.	Analiza e organiza a información atopada co uso das TIC para elaborar un novo documento sobre a protección do medio ambiente, sobre o quecemento global e sobre o desenvolvemento sustentable.	Busca, analiza e interpreta a información obtida en Internet sobre a protección do medio ambiente, sobre o quecemento global e sobre o desenvolvemento sustentable; reelabora o documento e relaciónao cos seus coñecementos previos. Estructura a información e realiza traballos coa terminoloxía adecuada.	Interpreta e manexa habilmente a información que obtivo sobre a protección do medio ambiente, sobre o quecemento global e sobre o desenvolvemento sustentable; relaciónaa con coñecementos previos, extrae conclusións, exponas de forma clara e coherente e engade unha valoración; utiliza Internet para conseguir información noutros ámbitos; utiliza a información para realizar traballos e presentacións.
Manifesta autonomía e responsabilidade na planificación e realización das accións e tarefas. Toma decisións con criterio propio e aumenta a súa curiosidade por ampliar a información.	Busca o apoio dos seus compañeiros ou do profesor para levar a cabo as súas tarefas e raramente aplica técnicas de detección de erros como releer ou revisar.	Manifesta autonomía e responsabilidade na planificación e realización das accións e tarefas. Toma decisións con criterio propio e aumenta a súa curiosidade por ampliar a información.	Realiza as actividades de forma autónoma; planifica os procesos de traballo e explícaos e toma decisións para mellorar os seus resultados; pide axuda razoando as súas necesidades e préstaa tentando axustar a súa explicación ás necesidades do seu interlocutor.	Realiza as súas tarefas de forma autónoma; planifica e explica o proceso de traballo, relaciona os datos e obtén conclusións; toma decisións para mellorar os seus resultados, xustifícaa e aplícaa a outros ámbitos da aprendizaxe; pide axuda e argumenta as súas necesidades, e presta axuda buscando estratexias diferentes para expresarse mellor.
Analiza a influencia das persoas no medio ambiente e explica a relación entre os problemas ambientais e o comportamento humano. Propón medidas de efectos positivos para evitar a contaminación e para un desenvolvemento sustentable.	Cóñece información sobre a influencia das persoas no medio ambiente e copia o seu contido sen analízalo nin efectuar ningún cambio.	Analiza e organiza a información sobre a influencia das persoas no medio ambiente e explica a relación entre os problemas ambientais e o comportamento humano.	Busca, analiza e interpreta a información sobre a influencia das persoas no medio ambiente; explica a relación entre os problemas ambientais e o comportamento humano; reelabora o documento e relaciónaa cos seus coñecementos previos. Estructura a información en forma de resumos e esquemas.	Busca, analiza, interpreta e explica o uso sustentable dos recursos naturais; propón e adopta unha serie de medidas e actuacións que conducen á mellora das condicións ambientais do noso planeta. Interpreta e manexa habilmente a información que obtivo, relaciónaa con coñecementos previos, extrae conclusións, exponas de forma clara e coherente e engade unha valoración.
Expresa con coherencia as causas e as consecuencias do cambio climático, analizando os obxectivos que pretenden as leis de protección do medio ambiente e explicando con exemplos as actividades que deberían estar prohibidas e permitidas nos espazos protexidos.	Cóñece información sobre o cambio climático e copia o seu contido sen analízalo nin efectuar ningún cambio.	Analiza e organiza a información sobre o cambio climático e explica a relación entre os problemas ambientais e o comportamento humano.	Busca, analiza e interpreta a información sobre o cambio climático; explica a relación entre os problemas ambientais e o comportamento humano; estrutura a información en forma de resumos e esquemas.	Busca, analiza, interpreta e explica o cambio climático. Interpreta e manexa habilmente a información que obtivo, relaciónaa con coñecementos previos, extrae conclusións, exponas de forma clara e coherente; realiza unha presentación sobre o desenvolvemento sustentable e engade unha valoración.

Puntuación

Sobresaliente: 20-19 // 18-17-16 puntos

Notable: 15-14-13// 12-11-10 puntos

Ben: 9-8-7 puntos

Suficiente: 5- 6 puntos

Insuficiente: menos de 5 puntos